



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACION DA OBRA " REPOSICION DE PAVIMENTO DA N-550, GUILLAREI, TUI". APERTURA SOBRE Nº 1 "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA".

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás dez horas do día 20 de abril de 2015, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, formada polos seguintes membros:

Presidente: D. Moisés Rodríguez Pérez, Alcalde-Presidente.

Vogais: D^a Irene Suárez López, secretaria do concello.
D. Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.
D. José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.
D. José A. Villaverde Rocha, concelleiro delegado de persoal, formación, emprego e alumeado público.

Secretaria: D^a María Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

1º.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui, en sesión celebrada o 19 de febreiro de 2015, acordou aprobar a contratación da obra "Reposición do pavimento da N-550 Guillarei.Tui", aprobándose proxecto técnico das obras, redactado polo arquitecto municipal, e autorizándose o gasto por un total de 130.387,46€(Orzamento base: 107.758,23€. IVE 21% 22.629,23€), así como prego de cláusulas administrativas.

2º.- Publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante con data 9 de marzo 2015, remata o prazo de presentación de propostas o día 4 de abril 2015.

3º.- Unha vez que rematou o prazo de presentación, preséntanse á licitación as seguintes empresas:

- 1.- R.E. nº 2962 de 31/03/2015.- CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA), de Pontevedra.
- 2.- R.E. nº 3039 de 01/04/2015.- ORESA, S.L., de Vigo.
- 3.- R.E. nº 3061 de 04/04/2015.- CONSTRUCCIÓN FECHI, S.L., de Tomiño.
- 4.- R.E. nº 3064 de 04/04/2015.- NAROM, S.L., do Porriño.
- 5.- R.E. nº 3067 de 04/04/2015.- ASFAGAL TECNICS VIARIAS, S.L., de Ourense.
- 6.- R.E. nº 3068 de 04/04/2015.- FONTEFRÍA, S.L., de Meaño.

Procedida á apertura do sobre nº 1 "Documentación Administrativa" e comprobados os documentos aportados polas empresas presentadas á licitación, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

1º.- Admitir a tódalas empresas presentadas á licitación.

2º.- Convocar a Mesa de Contratación para apertura do sobre nº 2 "Proposta económica" o vindeiro mércores, día 22 de abril, ás 10,00 horas.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.
O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

A SECRETARIA DO CONCELLO.

O INTERVENTOR DO CONCELLO

Asdo: Irene Suárez López.

Asdo. Aitor Iglesias Monzón.

O ARQUITECTO TECNICO MUNICIPAL

O CONCELLEIRO DE PERSOAL, FORMACION
EMPREGO E ALUMEADO PUBLICO

Asdo. José Manuel Ferreiroa González.

Asdo. José Angel Villaverde Rocha